

BASES DO CONCURSO “CHÍO DE LETRAS” 2023

1. Obxecto e organización do concurso

Estas bases están referidas ao Concurso “Chío de Letras” 2023 organizado pola Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña (BMC) co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2023. Un chío é unha anotación ou mensaxe na rede social Twitter que ten un máximo de 280 caracteres.

Gustaríanos animar ás nosas seguidoras e seguidores a empregar o galego tamén en redes sociais, por iso, decidimos pór en marcha este concurso de chíos que estará activo ata o propio 17 de maio durante todo o día.

2. Participación e mecánica do concurso

Poderán participar no concurso aquelas persoas que o desexen e cumpran cos seguintes requisitos:

- Ter perfil na rede social Twitter e seguir nela ás BMC (@bibcoruna).
- Publicar en Twitter (dende un perfil persoal en forma pública) un chío que cumpra os requisitos do punto 3. Pódense enviar a concurso tantos chíos por perfil como se desexen. Non concursarán os chíos escritos baixo cadeado.
- Mencionar e etiquetar a @bibcoruna e usar o cancelo #Chíodeletras.

Confirmarase a participación de cada chío no concurso en canto o perfil das BMC (@bibcoruna) o rechouchie.

3. Prazo de presentación e requisitos dos chíos

A data de inicio de presentación de chíos a concurso será desde o momento de publicitar estas bases na rede social Twitter ata o mércores 17 de maio de 2023 ás 23.59 horas.

A temática e formato dos chíos será libre. Poderán conter frases, diálogos, microrrelatos, ou calquera outra forma de expresión artística escrita en lingua galega, concentrada nun máximo de 280 caracteres dentro dos que se incluírá o cancelo establecido #chíodeletras e a cita ás bibliotecas, @bibcoruna.

Os textos deberán presentar corrección ortográfica e gramatical.

Quedarán descartados do concurso aqueles chíos que se consideren ofensivos, degradantes ou que inciten ao odio contra persoas ou colectivos.

Os chíos terán que ser orixinais e inéditos, ao que se compromete cada participante. De descubrirse chíos que non respecten dereitos de autoría estes eliminaranse do concurso. Tampouco serán admitidos a concurso chíos con frases xa publicadas nin rechouchíos.

4. Premio e elección da persoa gañadora

Entre todas as persoas que sigan estes pasos haberá un gañador/a que recibirá un lote de libros.

A persoa gañadora decidirse por sorteo mediante a ferramenta en liña Randorium entre aquelas tres que acaden máis “gústames” para o seu chío creativo. En caso de haber empate nos tres primeiros postos, entrarán no sorteo todas as persoas que estean nese suposto.

A fin do relato de “gústames” anunciarase ao longo da mañá do xoves 18 de maio no perfil de Twitter das BMC, momento no que xa se comunicarán os perfís finalistas e a hora exacta do sorteo, que se realizará ao día seguinte, venres 19 de maio.

5. Comunicación á persoa gañadora

A comunicación da persoa gañadora farase a través dun comentario no chío gañador tras a realización do sorteo, o venres 19 de maio, pedíndolle que contacte connosco (@bibcoruna) por mensaxe privada de Twitter desde o perfil gañador para concretar a conseguinte entrega do lote de libros, que deberá realizarse de forma presencial nalgún centro da Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña.

Se a persoa gañadora non contacta coas @bibcoruna mediante os medios indicados nun prazo de 72 horas, considerarase que renuncia ao premio.

6. Difusión dos chíos por parte das bibliotecas

As BMC resérvanse o dereito de publicar e difundir os traballos presentados, fosen premiados, ou non, requirindo previamente o permiso dos seus autores/as.

7. Aceptación das bases

A presentación dun chío a esta convocatoria supón a aceptación plena das presentes bases. Calquera circunstancia non contemplada nas mesmas será resolta pola entidade organizadora con carácter inapelable.